

A viaxe de Colón



Colón

Cando terminaron os preparativos, uns noventa homes embarcáronse en tres naves: dous carabelas, a Pinta e a Nena capitaneadas polos irmáns Pinzón, e unha nave, a Santa María, na que ía Colón. A maioría da tripulación era de Palos (Huelva); só quince expedicionarios non eran andaluces: dez vascos e cinco estranxeiros. Non se embarcaron mulleres, frades nin soldados, pero si oficiais reais para velar polos intereses económicos dos monarcas, e un intérprete de linguas orientais.

O 3 de agosto de 1492 partiu a flota con rumbo ás Canarias e cun obxectivo claro: alcanzar a costa asiática atravesando o Atlántico. Todos os pormenores da viaxe atópanse recollidos nun documento excepcional, o "Diario" que escribiu Colón, coñecido pola copia que do mesmo fixo frei Bartolomeu das Casas.

Na travesía presentáronse algúns problemas. O máis importante foi o descontento da tripulación polo afastamento das costas e a presenza continua de ventos alisios, que os levaban directamente cara ao oeste, temendo que non atoparían ventos favorables para volver á península.

Pero antes de acabar o mes de agosto apareceron ventos contrarios, grazas ao cal se sosegaron os ánimos.

Os problemas reapareceron ao entrar na zona de calmas, o que, unido á ausencia de sinais de terra, mostrou de novo o descontento dos mariñeiros. Colón chegou a pensar que excedera o Xapón, e os seus problemas acrecentáronse cando estalou un motín xeral que puido conter tras lograr convencer aos seus homes de que nuns poucos días máis atoparían terra. Pronto os ventos aumentaron, avivouse a velocidade de navegación e comezaron a aparecer indicios de acharse preto da costa: algunhas bandadas de paxaros e madeiras que flotaban no mar.

Cando, por fin, o 12 de outubro divisouse terra, a alegría dos expedicionarios foi inmensa. Chegaran a unha illa das Bahamas, á que Colón deu o nome de San Salvador e que os indíxenas chamaban Guanahaní. Esta illa hox chámase Watling.

Colón desembarcou e tomou posesión dela en nome dos Reis Católicos. Todos quedaron marabillados das terras e dos homes, que Colón comezou a chamar indios (por crer que chegara ás costas asiáticas) e que lle recordaban aos guanches das Canarias. Estes homes eran pacíficos, pero carecían das riquezas que os descubridores esperaban atopar.

COMPRESIÓN DO TEXTO

1. Cantos homes embarcaron?
2. Que tipo de naves utilizaron?
3. Que día partiu a flota?
4. Que rumbo tomaron?
5. Cal foi o problema máis importante que se presentou?
6. Que ventos soplaban cara u oeste?
7. Ao non topar terra, que pensaran Colón?
8. Que día divisaron terra?
9. Que nome lle deu Colón a esa illa?
10. Que nome tiña esa illa para os indíxenas?